

LINGUA GALEGA. UNIDADE 7: DE PUNTA EN BRANCO

VOCABULARIO RELACIONADO COA VESTIMENTA

Saia- tenis-pixama-cinto-botas-calzóns-vestido-zapatos-bragas-xersei-zapatillas-pantalón-gravata-sandalias-medias-camisa-luvas(guantes) lentes(anteollos)-bastón(caxato) sombreiro(chapeu)-mandil-blusa-botín-corpiño-vestiario-colgadoiro-probador-abrigoso-estampado-elegante-groso-rechamante-axustado-frouxo-fino-longo-curto...

OS SUFIXOS:AUMENTATIVOS - DIMINUTIVOS

Os **sufixos** engádense ao final das palabras para dar información de distinto tipo ou formar outras palabras novas.. Hai **sufixos diminutivos e sufixos aumentativos**.

-**Os diminutivos expresan menor tamaño ou intensidade**. Fórmanse engadindo os sufixos **:-iño/-iña**. Exemplos : pequeniño , cabeciña , libriño , manciña, casiña...

Os diminutivos **tamén poden expresar agarimo**.

-**Os aumentativos expresan maior tamaño ou intensidade**. Fórmanse engadindo os sufixos : **-azo/ -aza, -ote/-ota, -ón /-ona**. Ex : casaza ,casona , paxaro-paxarazo

Outros sufixos:

-eiro/-eira : Ex: roupeiro- sombreiro- paraugueiro-cueiro...

-ón: Ex: mandilón- chaquetón- blusón-colchón...

-dor/-dora: Ex: cazador-suxeitador- prendedor- vestidor-calzador...

OS DETERMINANTES(I)

Os determinantes son palabras que van diante dos nomes para presentalos, e concertan en xénero e número.

OS ARTIGOS

Os **artigos** son un tipo de determinantes que van diante dos nomes ou substantivos. Clasifícanse en:

•**Artigos determinados**: presentan nomes de seres ou cousas coñecidos. As súas formas **son: o, a, os e as**.

•**Artigos indeterminados**: presentan nomes de seres ou cousas sen determinar. As súas formas **son: un, unha, uns e unhas**.

CONTRACCIÓNS DOS ARTIGOS COAS PREPOSICIÓNS

	o	a	os	as	un	unha	uns	unhas
de	do	da	dos	das	dun	dunha	duns	dunhas
en	no	na	nos	nas	nun	nunha	nuns	nunhas
con	co	coa	cos	coas	cun	cunha	cuns	cunhas
a	ao/ó	á	aos/ós	ás				
por	polo	pola	polos	polas				

OS DEMOSTRATIVOS

Os demostrativos son determinantes que mostran ou sinalan algo, indicando se está máis cerca ou máis lonxe de quen fala.

	Masculino		Feminino	
	Singular	Plural	Singular	Plural
Cerca	este	estes	esta	estas
Distancia media	ese	eses	esa	esas
Lonxe	aquel	aqueles	aquela	aquelas

Os demostrativos forman contraccións con :

•de: deste, destes, desta, destas, dese, deses, desa, desas, daquel, daqueles, daquela, daquelas.

•en: neste, nestes, nesta, nestas, nese, nesas, nesa, nesas, naquel, naqueles, naquela, naquelas.

PALABRAS CON X

O x ten dous sons diferentes:

- O x de xerxei. Ex: xamón, xoaniña, xudía, esponxa, xeador, baixar...
- O x de éxito Ex: sexto, exceso, examen...

PALABRAS CON EX- E CON ES-

Ex: extraer-expoñer-expulsar-exclamar-exhibición-excelente-externo-excusa-explicar-extenso-explorador-expedición-extremo-excursión...

Ex:espacial-estragar-esbirrar-espertar-escaseza-esplendor-escavar-estrañas-esquecer-escaso...

AS DEFINICIÓNS

A definición consiste en dicir de maneira clara e precisa que é unha cousa ou que significa unha palabra.

Ex: Cinto: é unha correa.Utilízase para axustar a roupa á cintura.

CONTO POPULAR

É unha narración que se transmite sobre todo a través da linguaxe oral.

Todos os contos ten 3 partes:

- Presentación: lugar, tempo, personaxes...
- Nó ou desenrolo: que acontece.
- Desenlace ou final: como remata.

VOCABULARIO

Lúgubre: moi triste , que provoca sentimentos negativos.

Tétrico:que inspira unha gran tristeza, que deprime.

Soliloquio: reflexión en voz alta.

Tinguir: darlle a algo unha cor distinta da que tiña.

Atuar: utilizar o tratamento de familiaridade con alguén.

Dolmén : construción formada por varias lousas(pedras) fincadas na terra en posición vertical e unha lousa de cuberta apoiada sobre elas en posición horizontal.Foron construídos na Prehistoria como sepulcro colectivo.